

O papel do voluntariado ambiental na eliminación de especies invasoras. Campo de Voluntariado ambiental no río Tea.

Ramsés Perez Rodríguez*, Virginia Rodríguez Álvarez, Francisco Bañobre, Lucía Parente Romero

Proxecto Ríos-ADEGA

Travesa de Basquiños Nº 9, c.p. 15703 Santiago de Compostela. A Coruña (Galiza)
* ramses@adega.info Tlf e fax: 981 57 00 99



Introdución:

Os ecosistemas fluviais son uns dos sistemas naturais máis vulnerables ás invasións biolóxicas. Pola súa estrutura e funcionamento son propensos a que a fauna e flora exótica invasora prolifere cando a destrución do hábitat é patente. O Proxecto Ríos é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos ríos. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado de saúde dos ríos galegos por parte de persoas ou grupos voluntarios a nivel local.

Entre outras iniciativas desenvolvidas, o Proxecto Ríos céntrase na problemática das EEI (especies exóticas invasoras). Ante a demanda do voluntariado ambiental de identificar EEI e de traballar na recuperación de espazos naturais, no 2007 Proxecto Ríos comezou unha iniciativa de voluntariado orientada a divulgar a problemática das EEI. Dita iniciativa realizouse no LIC río Tea, experimentando métodos de eliminación coa finalidade de formular protocolos para algunhas das especies invasoras presentes nas ribeiras. Dende 2007 ata 2012 desenvolvéronse 16 campos de voluntariado.

Metodoloxía:


Para conseguir os obxectivos marcados deseñouse unha metodoloxía activa e participativa, baseada na investigación-acción (tamén denominada investigación participativa), que pretende que os participantes aprendan-facendo (learning by doing), combinando as teorías, opinións e propostas de expertos/as co traballo dos técnicos de Proxecto Ríos e do voluntariado ambiental.

Resultados e conclusións:

As especies nas que se centraron as labores de eliminación nos campos de voluntariado do río Tea foron: *Acacia melanoxylon*, *Robinia pseudoacacia*, *A. dealbata*, *Phytolacca americana*, *Phyllostachys spp*, *Conyza canadensis*, *Bidens frondosa*, *Tritonia x crocosmiiflora*. O lugar de actuación acadou unha extensión de 3Km lineais e aproximadamente 3000 m², nos que se eliminaron máis de 6 Tn de EEI. Os traballos non se desenvolveron de xeito aillado, porén foron complementarios aos realizados pola Delegación Provincial de Medio Ambiente e contou co asesoramento de expertos en EEI.

Unha vez rematado o traballo de campo, a identificación e manexo das EEI por parte do voluntariado participante, poden ser de gran axuda, xa que estes poden colaborar na detección temperá de novas invasións na súa localidade. A localización de novos asentamentos pode completarse con accións individuais (no caso de fincas ou terreos particulares) ou coordinarse con institucións (administracións locais e/ou autonómicas) en caso de espazos públicos. Igualmente unha rede de voluntarios debidamente formados pode informar sobre a situación das EEI ou tomar parte en accións de xeo-referenciación que posteriormente poden ser ampliadas ou completadas por expertos e expertas.


É necesario pois integrar investigación, formación e actuación ante esta e calquera outra problemática ambiental. As iniciativas de educación e voluntariado ambiental son fundamentais para aumentar a conciencia sobre as EEI así como para capacitar a persoas no seu manexo e xestión. Sen un coñecemento real por parte da cidadanía non se lograrán avances na loita contra as especies invasoras.



Fichas de identificación de EEI de ecosistemas fluviais

FICHA DE RESULTADOS DAS ESPECIES INVASORAS ERRÁDICADAS	
Nome científico	
<input type="checkbox"/> <i>Acacia dealbata</i>	<input type="checkbox"/> <i>Mosses</i>
<input type="checkbox"/> <i>Acacia melanoxylon</i>	<input type="checkbox"/> <i>Acacia negra</i>
<input type="checkbox"/> <i>Robinia pseudoacacia</i>	<input type="checkbox"/> <i>Pilula negra</i>
<input type="checkbox"/> <i>Phytolacca spp</i>	<input type="checkbox"/> <i>Baclo</i>
<input type="checkbox"/> <i>Conyza canadensis</i>	<input type="checkbox"/> <i>Uña de gato</i>
<input type="checkbox"/> <i>Phytolacca americana</i>	<input type="checkbox"/> <i>Travesera</i>
<input type="checkbox"/> <i>Bidens frondosa</i>	<input type="checkbox"/> <i>Centropé</i>
<input type="checkbox"/> <i>Phytolacca zosterifolia</i>	<input type="checkbox"/> <i>Tridaceno</i>
Distribución (extensión da presenza da especie en m ² e estrutura poblacional)	
m ² Estrutura poblacional	
Preferencia de hábitat da especie invasora	
<input type="checkbox"/> Pasto	<input type="checkbox"/> Areosa
<input type="checkbox"/> Barbacado	<input type="checkbox"/> Solo húmido
<input type="checkbox"/> Ombro	<input type="checkbox"/> Outros
Prevalencia de xénero	
<input type="checkbox"/> 10 m	<input type="checkbox"/> 5 m
<input type="checkbox"/> 3 m	<input type="checkbox"/> 1 m
<input type="checkbox"/> 0,5 m	<input type="checkbox"/> 0 m
Número agrupado na erradicación da especie	
<input type="checkbox"/> Menos de 10 individuos	<input type="checkbox"/> Máis de 10 individuos
<input type="checkbox"/> Menos de 500 metros lineais	
Medición	
- Nº de pes (no caso de plantas de altura)	
- Peso (se aplicable)	
Observacións:	

Ficha de resultados de EEI



Cuestións a ter en conta na eliminación de EEI con voluntariado ambiental	
Formación	<ul style="list-style-type: none"> O traballo con EEI con voluntariado ambiental ao igual que outras actividades de voluntariado deberá ter unha formación específica previa.
Metodoloxía e organización	<ul style="list-style-type: none"> É importante organizar o traballo secuenciando as tarefas: monitoreo, eliminación e seguimento. Unha tarefa inicial será averiguar a vía de entrada das EEI (agraria, ornamental, pesca, etc) para facer difusión ou unha eliminación adecuada atendendo a raíz do problema. Deberase realizar una inspección de áreas prioritarias de actuación, micro-hábitats para fauna sensible, presenza de endemismos, ou pola contra descartar manchas de EEI que sexan refuxios ou alimento de especies en perigo. En traballos de eliminación debemos organizar o voluntariado por tarefas, corta, derrame, embolsado, etc. Explicar in situ como se manexa a ferramenta, como se elimina a especie, etc. Será preciso coordinarse coas autoridades para traballar onde eles xa o fixeron, así como xestionar o material retirado. É importante realizar unha toma de datos sistemática que nos servirá de avaliación do traballo realizado.
Época do ano	<ul style="list-style-type: none"> Terase en conta a época do ano. Determinadas especies anuais (<i>Bidens</i> sp ou <i>Tritonia</i> sp) só son "visibles" durante a primavera e o verán. Outras especies arbóreas pódense eliminar durante todo o ano. Todas elas será necesario eliminalas antes de que fructifiquen ou de facelo despois, realizalo con moito coidado. Para o inventariado tamén debemos ter en conta estas cuestións, e realizar monitoreo de seguimento.
Tamaño da mancha	<ul style="list-style-type: none"> É recomendable que a extensión da mancha sexa proporcional ao número de voluntarios/as e ao tempo que se adique. É moi recomendable que se poida eliminar na súa totalidade.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> Á hora de realizar actuacións de eliminación debemos ter en conta si esta vai a ser puntual ou se vai a prolongar no tempo, e se serán tarefas de control ou de eliminación. Isto permitirá dimensionar o traballo.
Material empregado	<ul style="list-style-type: none"> Debe ter en conta que cada especie require un material específico. En especies de certo porte como <i>Arundo donax</i> ou <i>Acacia dealbata</i> hai que retirar a parte aérea primeiro (ferramentas de corte) para posteriormente arrincar a raíz (ferramentas para cavar e extraer).
Dificultade	<ul style="list-style-type: none"> A eliminación de EEI é un traballo que non sempre ten garantía de éxito, cuestión que se debe explicar ao voluntariado. Esta cuestión dependerá da especie, do tamaño da mancha, e do esforzo adicado.
Perigosidade	<ul style="list-style-type: none"> A eliminación de EEI ademais de difícil pode ser perigosa. A eliminación de árbores de certo tamaño require unha capacitación especial, polo que con voluntariado ambiental recoméndase realizar traballos con herbáceas ou rebrotos de árbores. Determinadas especies como <i>Agave americana</i>, <i>Cortaderia selloana</i> ou <i>Zantedeschia aethiopica</i> poden causar cortes, ou poseer substancias urticantes. Haberá que valorar si se traballa con estas especies ou deixalo para especialistas. De facelo (por exemplo con individuos illados) será importante aportar material adecuado, gafas, luvas, buzos, etc. e sempre extremando as precaucións.

Bibliografía

Ministerio de Medio Ambiente (1999) Libro blanco de la Educación Ambiental en España. Centro de publicaciones. Secretaría General Técnica, Ministerio de MA
Ministerio de Medio Ambiente (2007) Restauración de Ríos. Madrid. Centro de publicaciones. Secretaría General Técnica, Ministerio de MA
Xunta de Galicia (2000) Estratexia Galega de Educación Ambiental. Santiago de Compostela.

Iniciativa:



Financia:



Colabora:



Colabora:



www.adega.info
www.proxectorios.org